

ANUNCIO

En data 14/05/2020 ditouse a Resolución da Alcaldía 2020-0061 que de seguido se transcribe:

ASUNTO: NOMEAMENTO DE TRIBUNAL PARA O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS DE SEGUNDA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PIL) DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2020

EXPEDIENTE: 67/2020

ANTECEDENTES:

O Concello de Moeche solicitoulle unha subvención á Deputación da Coruña ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2020 (BOP núm. 29 do 12/02/2020 e BOP núm. 43 do 04/03/2020).

Por resolución definitiva da Deputación da Coruña (BOP núm. 61 do 17/04/2020) concedéuselle ao concello unha subvención para a contratación de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral.

O procedemento de selección farase mediante oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego, que enviarán aos candidatos e candidatas aos postos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **Resolvo:**

Primeiro: Nomear a Comisión Cualificadora que constará de:

Presidente/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Presidente: M.^a Raquel Novo Montes, funcionaria do Concello de Moeche

Vogais:

- Cristina Rodríguez Arroyo, funcionaria do Concello de Moeche

Secretario: Antonio García Méndez, secretario accidental do Concello Moeche

A Comisión Cualificadora reunirse para a cualificación e valoracións dos méritos unha vez que o Servizo Público de Emprego teña remitidos a todos/as os/as candidatos/as aos postos. As valoracións serán publicados taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Moeche.

Moeche, (na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

(Sinatura dixital ao marxe)

